

Guía rápida

Le en dixital

EBIBLIODACORUNA

**Plataforma gratuita
de préstamo de contidos dixitais
da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña**

BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA



Riego de Agua, 37
15001 A Coruña
Teléfono 981 080 176
biblioteca.info@dacoruna.gal



CONTIDOS

1. Que é a plataforma EbiblioDaCoruna.	3
2. Cómo inscribirte para utilizar EbiblioDaCoruna.	3
3. Cómo acceder á plataforma cando xa estás inscrito/a.	4
4. Cales son as normas de préstamo.....	4
5. Cómo facer uso da biblioteca dixital dende un ordenador, móbil intelixente, tableta ou lector de libro electrónico.	5
6. Guía de uso de EbiblioDaCoruna.....	8
6.1. Cómo facer buscas.	8
6.2. Ficha da obra.....	12
6.3. Cómo prestar, reservar e devolver obras.	14
6.4. Como facer unha suxestión de compra 17	
6.5. Accións dispoñibles dende “A miña conta”	17
6.5. Dúbdas e axuda do programa.	18

Guía de uso de EbiblioDaCoruna

1. Que é a plataforma EbiblioDaCoruna.

É a plataforma de préstamo dixital de libros, películas, audiolibros e outros contidos dixitais de temáticas variadas que a Biblioteca Provincial da Coruña pon a disposición de todas as persoas usuarias de calquera biblioteca pública municipal da Provincia da Coruña.

Vídeo explicativo da plataforma: <https://youtu.be/sJFCezfH4-A>

2. Cómo inscribirte para utilizar EbiblioDaCoruna.

Para poder inscribirte e usar a plataforma dixital debes cumprir os seguintes requisitos:

- Ser usuario/a de calquera biblioteca pública municipal da provincia da Coruña.
- Ter, como mínimo, 15 anos.
- Dispor dunha dirección de correo electrónico.
- Contar cun dispositivo de lectura (ordenador persoal, teléfono intelixente, tableta, libro electrónico...). Poderás ler dende os dispositivos que ti escollas.

Se cumpres todos os puntos anteriores, podes solicitar a túa inscrición como usuario de EbiblioDaCoruna na túa biblioteca ou na nosa páxina web:

<https://dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info#quero>

No prazo dunhas horas recibirás unha mensaxe para que establezas o teu contrasinal e así completar a alta. É un procedemento manual, polo que ten en conta que as fins de semana ou festivos non se tramitan altas.

3. Cómo acceder á plataforma cando xa estás inscrito/a.

Para acceder a EbiblioDaCoruna, unha vez feita a inscrición, recibirás unha mensaxe de correo electrónico co teu usuario (o correo electrónico), xunto cunha ligazón para que establezas o teu contrasinal. Ao pulsar sobre a ligazón, pedirache que introduzas dúas veces o contrasinal que desexes establecer. Dende ese momento xa podes utilizar a plataforma.

Se esqueciches o teu contrasinal, para poder recuperalo telo que facer desde un navegador, non se pode recuperar o contrasinal desde a app.

Para recuperar o contrasinal, unha vez que accedes á dirección web da plataforma a través de calquera navegador, na parte superior dereita no apartado “Conta”, debaixo dos recadros para introducir o teu usuario e contrasinal, aparece a opción “¿Esqueceu a súa chave de acceso?”. Preme enriba.

A continuación, introduce o teu correo electrónico (co que tramitaches a alta na plataforma) e preme en “Enviar”. Chegarache unha mensaxe ao teu correo electrónico con unha ligazón para introducir un novo contrasinal. Preme enriba da ligazón, e introduce o contrasinal elixido (dúas veces). A continuación preme en “Cambiar”. Xa estableciches o teu novo contrasinal, co que xa podes acceder con normalidade.

4. Cales son as normas de préstamo.

- Podes levar en **préstamo 5 contidos dixitais** (películas, audio libros, cursos de formación, etc.).
- A **duración** do préstamo varía en función do contido dixital:

MATERIAL	TEMPO MÁXIMO
LIBROS-E	21 días
XORNAIS	3 horas
REVISTAS	1 día
PELÍCULAS	3 días
AUDIOS	21 días
CONTIDO EDUCATIVO	21 días

- Cando venza o préstamo, **non é necesario devolver** os contidos dixitais, xa que desaparecerán automaticamente da túa conta.
- Podes reservar ata 2 contidos dixitais á vez. Cando a túa reserva estea dispoñible, recibirás unha mensaxe de correo electrónico na que se che solicitará que aceptes ou rexeites o préstamo. Podes facelo desde a ligazón, ou ben desde a plataforma identificándote coas túas claves, ou ben desde a app. Dende ese momento dispós de 48 horas para aceptar o préstamo, pasado o prazo perderás a reserva e pasará ao seguinte lector na lista de reservas.
- Cada libro electrónico só admite un máximo de 5 reservas. Se estás intentando facer unha reserva e non podes, posiblemente sexa porque se superou o número de reservas permitidas.

5. Cómo facer uso da biblioteca dixital dende un ordenador, móbil intelixente, tableta ou lector de libro electrónico.

Podes disfrutar dos contidos dixitais de varias maneiras:

En liña (streaming)

A forma máis sinxela de ler, que só require un dispositivo con conexión a Internet, é facelo en liña (streaming). Para iso unicamente tes que acceder á plataforma de préstamo dixital empregando o teu usuario e contrasinal correspondente, buscar o libro que desexes tomar en préstamo e pulsar en “Prestar”. O contido dixital prestarase ao teu nome na túa conta e xa podes comezar a usalo. No caso de que non estivera dispoñible porque o teña prestado outro/a lector/a, aparecerá a opción de “Reservar”, por si desexas reservalo.

Podes ver un vídeo do proceso en: <https://youtu.be/33lArSKlw4A>

Lectura mediante descarga

Se queres descargar os libros dixitais no ordenador, para logo lelos ou transferilos a un ou varios dispositivos (ata 6 diferentes, que poden ser móbil, tableta, lector de libros electrónicos), completa os seguintes pasos:

- 1- Descarga o programa Adobe Digital Editions (dispoñible en: <http://www.adobe.com/es/products/digital-editions/download.html>)
- 2- Crea unha conta en Adobe ID. Podes facelo dende o programa Adobe Digital Editions, pulsando en “Axuda”, despois “Autorizar equipo” e a continuación “Crear ID de Adobe”. Introduce os datos que che solicita, introducindo o mesmo usuario (correo electrónico) e contrasinal que para a biblioteca dixital. Non os esquezas, xa que os precisarás para o paso seguinte.
- 3- Unha vez creada a conta no paso anterior, entra de novo no programa Adobe Digital Editions, dirixete a “Axuda” e pulsa “Autorizar equipo”. Introduce o usuario y contrasinal de Adobe ID que creaches no paso anterior. En proveedor, deixa por defecto “Adobe ID”.
- 4- Entra na plataforma de préstamo dixital, accede co teu usuario y contrasinal. Busca o libro que desexes tomar en préstamo, e pulsa en “Prestar” ou “Tomar en préstamo”. O libro xa se prestou na túa conta.
- 5- Agora pulsa en “Descargar”. Cando termine a descarga, aparecerá o símbolo na parte inferior esquerda da pantalla. Pulsa enriba, e automaticamente abrírase o libro para ler en Adobe Digital Editions. ¡Xa podes comezar a lectura!

Para ler no teu lector de libros electrónicos, primeiro completa todos os pasos anteriores, e a continuación:

- 1- Abre o programa Adobe Digital Editions no teu ordenador.
- 2- Encende o teu libro electrónico y conéctao co cable ao ordenador.
- 3- No libro electrónico aparecerá unha mensaxe preguntando se queres conectar o libro en modo transferencia de datos: debes pulsar “Si”.

- 4- Se o teu lector de libros electrónicos é compatible con Adobe DRM, o programa Adobe Digital Editions recoñecerá de inmediato, e mostrarase no apartado “Dispositivos”.
- 5- No menú “Dispositivos”, pulsa en “Opcións do dispositivo” e a continuación en “Autorizar dispositivo”. Adobe Digital Editions mostrará unha mensaxe indicando a conta de Adobe ID á que quedou vinculado o libro electrónico. Xa se poden transferir libros entre o ordenador e o teu libro electrónico.

Podes ver un vídeo do proceso DE DESCARGA E INSTALACIÓN DE ADOBE DIGITAL EDITION en: <https://www.youtube.com/watch?v=Nt-4AzcgeiU>

Podes ver un vídeo DESCARGA DE EBOOKS en:
<https://www.youtube.com/watch?v=sZrz5rzXK4>

Ten en conta que se desexas descargar os libros ó ordenador, xa non poderás empregar a opción de “Devolver”. Consulta o apartado 6.3. Cómo prestar, reservar e devolver obras.

A través da APP

No móbil ou nas tabletas intelixentes tes a opción de instalar a aplicación dispoñible para IOS e Android, chamada **Odilo App**.

Ten en conta que, para que funciona, os móbiles IOS deben ser unha versión 11 ou superior, e os móbiles Android deben ser unha versión 4.4.2 ou superior.

Para descargala, búscala en calquera buscador de Google, no Play Store en caso de ter un dispositivo Android ou na Apple Store no caso de ter un dispositivo Apple, e instálala.

Para acceder, terás que identificarte só a primeira vez. Segundo as versións, debes seleccionar o país (España), seleccionar o nome da biblioteca provedora no desplegable (Deputación da Coruña) e introducir o teu usuario (correo electrónico) e contrasinal. Lembra marcar o cadro de que aceptas os termos e

condicións do servizo. A continuación pulsa “Autorizar”. Este paso só é preciso realizalo a primeira vez que instales a app, as seguintes veces que accedas será suficiente con premer enriba do símbolo da app.

Tanto Adobe Digital Editions como a aplicación de lectura permiten a sincronización de dispositivos, é dicir, os dispositivos que empregues con conexión a Internet sincronizan a túa conta. Se empezas lendo nunha tableta, e logo queres continuar no móbil, ao identificarte co teu usuario e contrasinal, ao premer sobre o contido dixital que tes prestado, abrírase pola páxina pola que estabas lendo no último dispositivo empregado. Podes ter ata 6 dispositivos coa mesma conta.


Podes ver un vídeo do proceso en: <https://youtu.be/33lArSKlw4A>

6. Guía de uso de EbiblioDaCoruna.

As explicacións a continuación están referidas á visualización nun navegador desde un ordenador. A visualización cambia se a abrimos desde un navegador nun móbil ou desde a app, pero as opcións e funcionalidades son as mesmas.


6.1. Cómo facer buscas.

Unha vez que entras en EbiblioDaCoruna, a portada que visualizarás será a seguinte:




Accede co teu usuario e contrasinal (no apartado “A miña conta”, arriba á dereita).

Á dereita da pantalla de inicio, na parte superior, aparece **o recadro de busca**, dende o cal podes buscar no catálogo por nome do autor, título da obra, editorial, materia (temática da obra), ISBN, data de publicación, etc.



Unha vez que fas a busca, devolve unha serie de resultados:




Se xa devolve o contido dixital que estás buscando, podes saltar os pasos seguintes que explican o filtrado dos resultados, e avanzar ata o punto 6.2.

Ficha de la obra.

Se son moitos resultados, podes reducilos empregando os filtros dispoñibles na columna da esquerda. Pódese filtrar directamente por formato, por materia, autor, editorial, idioma, ano de publicación ou categoría

Na parte superior da lista de resultados tamén se mostra o tipo de ordenación que desexas obter:




Unha vez localizas a obra que che interesa, pulsa enriba para abrir a ficha da obra.

Outra forma de buscar o material que queremos é **explorar por materias**, no menú superior podes seleccionar o material en función da materia do teu interese.



Por último, a información na pantalla principal está estruturada en **carruseis**. Os carruseis son unha maneira dinámica e visual de organizar os contidos que temos na plataforma para que sexa máis fácil a localización dos recursos de EbiblioDaCoruna. Podes movelos cara á dereita ou cara á esquerda para ver algúns dos recursos incluídos no carrusel. Para velos todos, debes premer no símbolo en “Ver máis” que aparece á dereita enriba de cada un dos carruseis.



6.2. Ficha da obra

Unha vez localizas o exemplar que che interesa, se pulsas enriba abres a ficha do libro, onde podes realizar varias opcións. A ficha ten a seguinte aparencia nun navegador web:

INICIO CLUB DE LECTURA

IDENTIFICARSE

Deputación DA CORUÑA

Biblioteca Dixital para os lectores da Coruña

< VOLVER

1 de 8329 >

JAVIER CASTILLO
EL CUCO DE CRISTAL

El cuco de cristal

[Castillo, Javier](#)

★★★★★

RESEÑAS

RESERVAR VISTA PREVIA

¿ESTÁS PREPARADO PARA ARRIESGAR TU CORAZÓN?
Vuelve Javier Castillo
MAGNÉTICA - SALVAJE - MONUMENTAL - TREPIDANTE
El regreso más esperado
MÁS DE 1.700.000 EJEMPLARES VENDIDOS
Un trasplante de urgencia
Un donante lleno de secretos
¿Qué esconden los latidos de tu corazón?
Nueva York, 2017. Curo María, médico residente de primer año, sufre un infarto fulminante que le obliga a un trasplante de corazón. Aún

Novelas policíacas y de intriga y misterio

Editorial	Año de publicación	Idioma	ISBN
Buma	2023	Español	9788491296089
Formato	Formato		
EPUB Reflowable	456 p.		

Otros usuarios tamén prestaron

Aquitania

El caso Alaska Sanders

El juego del alma

La chica de nieve

La suerte del aniano

El silencio de las olas

Crímenes exquisitos

Mujeres que no perdonan

Clara

Valoración

4,5

★★★★★

21 valoraciones

1 opinión

Roca Alba Pires 19/03/2023 - 18:02

Libro espectacular, engancho en la primera hoja, un gran enigma

Nesta pantalla de detalles podes obter moita información sobre a obra e realizar varias accións.

Por exemplo, podes ver a portada do libro (ou carátula no caso de que sexa unha película), e xusto debaixo as visitas que tivo o exemplar e as veces que foi prestado.

Podes ver a descrición dos datos do exemplar, ler un resumo da obra, ver suxerencias de lecturas que leron as mesmas persoas que tomaron en préstamo este exemplar, e un apartado de valoracións e comentarios onde ler as contribucións doutros lectores.

Tamén podes, se xa liches a obra, engadir comentarios, ou e **engadir a obra a unha lista** que podes crear para organizar as túas lecturas (por exemplo, “libros lidos”, “libros pendentes”, “libros que me recomendaron”...).

Se aínda non tes unha lista creada e queres crear unha, escribe no recadro o nome da lista que desexas crear. Por exemplo, “Pendentes de ler”. Podes seleccionar se queres que a lista sexa privada (que solo poidas vela ti) ou pública.

Tamén podes seguir ao autor ou autora, de xeito que cada vez que se suba á plataforma un libro novo dese autor ou autora, chegarache o aviso.

Tamén podes compartir a través de Facebook, Twitter, Whatsapp, etc. (as opcións despréganse no icono de “Compartir”).

Na parte central da ficha atopase a opción “Vista previa”, onde podes consultar a modo de mostra as primeiras imaxes do libro, os primeiros segundos da película ou audiolibro.

6.3. Cómo prestar, reservar e devolver obras.

Prestar

Unha vez que localizas o contido dixital que desexas ler, escoitar ou ver, pulsa sobre a obra e abrírase a fiche da obra. Se está dispoñible podes pulsar en “Prestar” e automaticamente quedará prestado na túa conta.

Unha vez pulsas en “Prestar”, ábrese unha ventá emerxente coa opción “Visualizar” para ler en liña ou descargalo para Adobe Digital Editions.

Se queres descargalo, recorda que cando remate de descargarse aparecerá o símbolo de descarga na túa pantalla, na parte inferior esquerda.

Co programa Adobe Digital Editions aberto, preme no símbolo de descarga, e abrírase o libro no programa. Desde ese momento xa podes lelo ou pasalo ó teu lector de libros electrónicos. Para máis información sobre como pasar os

teus libros ó teu lector de libros electrónicos, consulta o apartado “Lectura mediante descarga” dentro do apartado 5. Cómo facer uso da biblioteca dixital dende un ordenador, móbil intelixente, tableta ou lector de libro electrónico.

Se xa finalizou o prazo de lectura e aínda non remataches de ler a obra, podes volver a collela prestada. Ten en conta que a plataforma non che permitirá volver a collela prestada ata que transcorran 24 horas. Isto aplica a calquera recurso, incluso xornais aínda que sexan de días diferentes.

Reservar

Se o contido dixital que queres obter en préstamo non está dispoñible, non aparecerá a opción “Prestar”, pero terás a opción de reservalo pulsando no correspondente botón. Ten en conta que podes reservar un máximo de 2 exemplares simultaneamente e cada exemplar admite unha lista de reserva de 5 exemplares. Se a plataforma non che permite reservar, posiblemente sexa porque xa tes dúas obras reservadas ou porque se acadou o número límite de reservas da obra en cuestión.

Cando o exemplar que reservaches estea dispoñible, recibirás unha mensaxe de correo electrónico avisándote de que xa podes collelo en préstamo. Dende que chega a mensaxe, dispós de un máximo de 48 horas para acceder á plataforma e tomar o contido desexado en préstamo. Para aceptar a reserva, podes facelo desde esa mensaxe de correo ou ben desde o apartado Reservas da plataforma ou da app.

Ademais, no teu apartado “Reservas” tes a opción de “Aceptar automaticamente as reservas”, de xeito que cando chegue a túa quenda na lista de reservas, o libro prestarase automaticamente á túa conta, sempre e cando non teñas xa 5 préstamos simultáneos, que é o límite.

No caso de que pase dito prazo sen que tomes en préstamo a obra, eliminarase a reserva. Pasarase a seguinte persoa da lista de reservas, no caso de que exista lista de espera, ou quedará libre para que outro usuario a poida tomar en préstamo.

Devolver

Na opción “A miña conta”, poderás ver os contidos dixitais que tes en préstamo e o tempo que queda ata a data límite de devolución.

Non é necesario que esteas pendente de devolvelo, porque cando finalice o prazo, a obra desaparecerá automaticamente da túa conta. Se queres devolvelo antes do prazo fixado, podes facelo dende as aplicacións da plataforma.

Se queres levar de novo a obra en préstamo, tes que volver a realizar o proceso de préstamo explicado máis arriba, unha vez transcorridas 24 horas.

Hai varios casos nos que se pode devolver ou non unha obra:

- Se se fixo un préstamo sen descarga (só para ler en liña) ou se fixo un préstamo con descarga desde a app, pódese devolver desde un navegador ou desde a propia app.
- Se o préstamo e a descarga se fixeron desde o ordenador, non se pode devolver, e hai que esperar a que finalice o prazo de préstamo. Se se descargou para Adobe Digital Editions, só se pode devolver a través deste mesmo programa.

Renovar

Os libros dixitais non se poden renovar. Se finalizou o prazo de préstamo sen que che dera tempo a rematar a lectura, tes que esperar 24 horas antes de poder volver levalo en préstamo. Se estaba reservado por outra persoa, ten preferencia a reserva.

6.4. Como facer unha suxestión de compra

Hai dous xeitos de facer unha suxestión de compra de material para a EbiblioDaCoruna.

- a) Desde a web da <https://dacoruna.gal/biblioteca/tramites-lina#Suxestion+de+compra> elixindo se a suxestión é en papel para a Biblioteca ou en dixital para a EbiblioDaCoruna
- b) Desde a propia EbiblioDaCoruna. Identifícate coas túas claves e realiza unha busca no caixón para buscar. Se non hai resultados, ou se chegas ao final da lista de resultados sen que atoparas o libro que buscas, aparecerache ao final a opción de suxerir a compra do libro. Se seleccionas “Sí”, aparecerache unha nova pantalla para que poidas buscar o libro que queiras e seleccionar aquel que desexas que se merque.

Dos dous xeitos chegarache un aviso de se foi aceptada ou denegada a túa suxestión.


Ten en conta que non todo o que se edita en papel se edita tamén en dixital, e viceversa. Por outra banda, aínda estando unha obra editada e dispoñible en dixital, é posible que non se poida adquirir porque non se axuste á política de adquisicións da Biblioteca ou porque os nosos provedores non a poidan ofrecer.

6.5. Accións dispoñibles dende “A miña conta”

Dende a opción “A miña conta” situada na parte superior dereita da pantalla, podes consultar:

- Os préstamos que tes en vigor para visualizalos, lelos ou descargalos
- Visualización de reservas
- Modificación dos teus datos persoais
- Consultar o historial de préstamos
- Visualizar as túas listas, crear outras novas ou modificar as existentes

- Consultar as buscas gardadas
- Consulta de notificacións



6.5. Dúbdas e axuda do programa.

Na parte superior dereita da pantalla atópase o símbolo “Axuda”. Ao pulsar nel, móstrase unha guía na cal poderás solucionar dúbidas sobre o funcionamento do programa.

Se aínda así, non resolves a túa dúbida ou non atopas a información que desexas, contacta coa Biblioteca Provincial da Coruña a través dunha das opcións recollidas en “Contacto coa biblioteca” da opción “Info” sendo estas as seguintes:

- Escribir unha mensaxe ao correo electrónico biblioteca.info@dacoruna.gal
- Chamar ao teléfono 981 080 176
- Achegarte á biblioteca, sita na rúa Rego de Auga, nº 37 (no mesmo edificio que o Teatro Rosalía de Castro)